

Carmen V. Valiña: "O máis difícil na novela foi fusionar o pasado da illa de sangue coa biografía das protagonistas"

Carmen V. Valiña (Baio, Zas, 1985) publicará *A illa que supuraba sangue* en Galaxia, ao recibir o XIX Premio Narrativa Breve Repsol. Nesta obra, a súa primeira novela de ficción publicada, visita a illa de San Simón nun exercicio de memoria histórica enfiado coa biografía da súa protagonista principal.

Sergio Casal 20 de outubro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/carmen-v-valina/20251020214731237256.html>

—Que papel ten a illa de San Simón na memoria colectiva da Galiza e na obra?

Un papel fundamental. Para as persoas que estamos interesadas no tema da memoria histórica e a represión durante a Guerra Civil é un lugar clave da nosa xeografía. O feito de que se recoñeza non só como lugar de cultura, senón tamén de memoria, é esencial para reflexionar sobre o noso pasado máis recente. Ese elemento tamén aparece na miña obra: non só a illa como espazo xeográfico, senón tamén de memoria e vinculado ás persoas reprimidas. No caso da novela, tamén como un elemento da memoria familiar, non só colectiva, senón dos fíos que nos unen co noso pasado.

—É consciente a sociedade das feridas que aínda supuran en San Simón?

Non, xustamente porque durante os últimos anos o que se fixo coa illa foi esencialmente unha vinculación co ámbito da cultura. Non se reflexiona tanto sobre a súa historia. Neste sentido, unha das finalidades da novela, aínda que sexa ficción, é que cando alguén a lea, bote unha ollada ao que aconteceu na illa. Todo o que contribúa a dar luz a esa parte do pasado que non se coñece o suficiente é esencial.

—Que lle resultou máis complexo á hora de escribir esta historia nun lugar que garda tanta dor?

O máis complicado foi fusionar o pasado dunha illa de sangue, ligada a un pasado convulso, coa biografía das protagonistas. Lograr esa integración non forzada entre a vida da protagonista principal e o que aconteceu na illa vinculado á súa familia foi un reto.

—De que maneira achegar a memoria histórica ás novas xeracións?

A educación é o primeiro. Despois, a orientación que fan os medios de comunicación é clave. Aínda que a xente nova non os consuma tanto, o discurso deses medios si impregna os debates públicos e as conversas.

No caso de San Simón, se a vinculamos a aspectos culturais totalmente despolitizados e desligados do que significou a nivel histórico, dificilmente poderá calar esa mensaxe. A literatura tamén pode ser unha ferramenta para chegar a persoas que quizais non se sintan tan atraídas pola historiografía convencional. A través dunha novela pódese espertar o interese por afondar na memoria histórica e coñecer cuestións que doutro modo non se coñecerían.

—É un tema que está traballando moito tanto en Conxo como en San Simón. Pensa en novos traballos relacionados coa memoria histórica?

A illa que supuraba sangue e As tolas que non o eran xuntáronse moito no tempo, pero a miña idea é seguir indagando na memoria histórica e continuar no ámbito de Conxo. Nas presentacións de *As tolas que non o eran*, é habitual que algunha muller me comente que tivo unha avoa ou bisavoa en Conxo.

É un tema moi potente e ver que se podería reconstruír ese fío para coñecer como impactou ese lugar nas mulleres de hoxe, fai que queira seguir nesta liña.

Por outra parte, este libro que se premiou é o meu primeiro libro de ficción publicado e, cando escribes, todas as túas preocupacións están presentes na ficción. Por iso me gustaría seguir traballando sobre a memoria, especialmente das mulleres.